



COGAMI

COGAMI

nº 45 / decembro 2019
Edición trimestral



COGAMI reconece ao persoal máis veterano: Sandra, Lolo, Rosa e Pepe. 25 anos con nós



A presidenta da CEO, María Sol Novoa, e o vicepresidente de COGAMI, Ramón Sestayo



À esq. Ramón Sestayo saúda a José Tomé Roca

Empresariado de Ourense e COGAMI xuntos na contratación de persoas con discapacidade

A Confederación Empresarial de Ourense (CEO) e COGAMI asinaron un convenio de colaboración para traballar pola integración socio-laboral das persoas con discapacidade. Dende CEO comprométese a difundir ás súas entidades asociadas todas as actividades que desenvolve COGAMI a favor do fomento da contratación laboral das persoas con discapacidade. Pola súa banda, COGAMI proporcionará información e documentación actualizada

sobre subvencións, bonificacións e axudas á contratación de persoas con discapacidade, así como as axudas que hai para a adaptación ao posto de traballo e accesibilidade en xeral. A colaboración entre CEO e COGAMI vén dende 1999, coa sinatura do primeiro convenio que se renovou en 2011 e 2013. Durante a sinatura deste, aproveitouse para presentarlle á recentemente nomeada presidenta da CEO tanto COGAMI como os servizos que presta.

A Deputación de Lugo reafirma compromiso con COGAMI apoiando o centro de día de Fingoi

O vicepresidente de COGAMI, Ramón Sestayo, e o presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, asinaron convenio regulador dunha subvención nominativa por importe de 30.000€ para colaborar cos gastos de funcionamento do centro de día que ten COGAMI en Lugo, e que conta cunha capacidade de 60 prazas.

Tomé Roca dixo "colaboramos con COGAMI porque cremos que a mellor forma de ter un sistema de protección social forte na provincia é traballando da man do tecido asociativo".



Mónica Luaña é a orientadora laboral que se despraza ata Lalín



A coordinadora de Proxectos, Catuxa Pereira

COGAMI abre punto de atención no concello de Lalín para persoas con discapacidade

Co fin de facilitar o acceso dos servizos ás persoas que representa e que viven no rural, COGAMI pon en marcha un punto de atención no concello de Lalín que estará operativo todos os primeiros e terceiros luns de cada mes, en horario de mañá.

Situado no andar baixo do consistorio municipal, ata aquí poderán acudir todas as persoas que teñen recoñecido como mínimo un 33% de discapacidade

ou incapacidade laboral e que buscan emprego ou formación. Para pedir cita, recoméndase chamar ao teléfono do Servizo de Intermediación Laboral 986 863 709 ou solicitar cita a través do correo electrónico silpontevedra@cogamil.gal. Tamén poderá achegarse ata o punto de atención no concello de Lalín, onde se lle dará vez ou se lle atenderá, en función da dispoñibilidade dese momento.

Asistimos en Helsinki a un congreso dirixido a persoas que traballan no ámbito da discapacidade

COGAMI foi unha das entidades presentes no congreso organizado pola Asociación Europea de Provedores de Servizos para Persoas con Discapacidade (EASPD), un foro que acolleu a máis de 300 persoas para reflexionar sobre como atraer o talento para seguir traballando na mellora da inclusión social e laboral das persoas con discapacidade.



Graciela Lois é unha das persoas inseridas a través deste programa

Un programa de inserción que desenvolve COGAMI ofrece segundas oportunidades

Son 137 persoas, 57 mulleres e 80 homes, as que participan no Programa Operativo de Inclusión Social e Economía Social que financia a Convocatoria Xeral 2018 de axudas económicas para o emprego no marco do programa operativo POISES 2014-2020, que cofinancia o Fondo Social Europeo e xestiona Fundación ONCE. Iniciado en marzo de 2019, leváronse a cabo cursos formativos para 33 persoas do programa ou tamén a posibilidade de que 98 persoas se presentaran a ofertas de emprego que derivaron finalmente en 70 contratacións laborais.

A este proxecto de inclusión sociolaboral puideron optar principalmente mulleres con discapacidade, mulleres vítimas de violencia de xénero e persoas con discapacidade que viven en zonas rurais, tres perfís que teñen máis complexa a inserción laboral. Con elas o que se fai é ofrecerlles sesións de orientación laboral, aprenden a identificar as súas capacidades, a marcar unhas metas laborais e a preparar o seu curriculum para mellorar a empregabilidade.



Un dos obradoiros realizados por Dedaleira

Trescentas persoas atendidas este ano no servizo Dedaleira de atención sexolóxica

COGAMI, en colaboración coa asociación ACADAR, atendeu dende febreiro deste ano un total de 275 persoas a través do servizo Dedaleira de atención e promoción da autonomía afectivo-sexual, destinado ás persoas con discapacidade e contorna afectiva. Este servizo, que financia Obra Social "la Caixa", impartiu charlas en 7 colexios de educación especial e realizou 69 formacións grupais e individuais.



Portada do episodio de Os Bolechas dedicado á inclusión nos centros escolares

Os Bolechas alíanse con COGAMI para visibilizar a inclusión no 3 de decembro

No Día Internacional das Persoas con Discapacidade a TVG difundiu un capítulo de Os Bolechas. Baixo o título Patios Inclusivos, este proxecto pretende fomentar a inclusión dende idades temperás a través de contos, material didáctico e xornadas de sensibilización. A través dos coñecidos personaxes do autor Pepe Carreiro quérese deixar constancia de que os patios escolares poden ser espazos moito máis acolledores e inclusivos, onde a través do deporte e xogos teñan

cabida as nenas e nenos con ou sen discapacidade. Dende 2018 a Secretaría Xeral de Política Lingüística está a apoiar un programa de actuacións en lingua galega para que o alumnado galego que requira unha atención educativa diferente á ordinaria acaden o máximo desenvolvemento das súas capacidades. Deseñáronse tamén materiais didácticos e xogos on line para que o alumnado, ao mesmo tempo que aprende, poida divertirse.



Homenaxe aos 25 anos de traxectoria profesional

Unha carreira profesional que supera os 25 anos

Sandra García, José Luis Lolo, Rosa Pías e Pepe Vázquez foron recoñecidos por COGAMI durante a xornada de Nadal por levar traballando na Organización 25 anos. Este recoñecemento foi unha sorpresa para todas as persoas asistentes e, sobre todo, para as persoas homenaxeadas que non puideron agochar a emoción do momento. Todas as compañeiras e compañeiros presentes na xornada felicitaronlos cun grande aplauso e con berros de parabéns pola súa traxectoria profesional en COGAMI.

Anxo Queiruga: “por cada euro que recibe COGAMI da Administración, devolve preto de catro”

COGAMI reuniu en Santiago a expertos en economía social e desenvolvemento sostible durante o VIII ANNUAL CONGRESS OF GLOBAL ECONOMIC ACCOUNTING, que foi inaugurado polo presidente de COGAMI, Anxo Queiruga, a secretaria xeral de emprego, Covadonga Toca e o presidente de GEAccounting, José Ignacio Larretxi.

Este congreso, que organiza COGAMI, financia Rede Eusumo e promove GEAccounting xorde despois de que COGAMI formara parte dun proxecto coa Universidade de Santiago de Compostela para buscar unha metodoloxía que permitira medir o impacto social e aplicalo dentro da organización. En palabras de Anxo Queiruga, “para traducir a valor económico o aporte social das entidades e visibilizar a nosa capacidade multiplicadora”. Despois de levar adiante este traballo, o presidente de COGAMI salientou este dato: “por cada euro que recibe COGAMI da Administración, devolve preto de catro”, sendo concretamente 3,91€. Durante a súa intervención, a secretaria xeral de Emprego, Covadonga Toca, tras agradecer esta iniciativa desenvolvida por primeira vez en Galicia, indicou a necesidade apostar pola economía social, circular, colaborativa ou solidaria, que, ademais de ter beneficios ambientais, son xeradoras de postos de traballo. Durante o congreso, COGAMI explicou por que decidiu levar a cabo a medición do impacto

social do traballo que realiza a diario a favor das persoas con discapacidade. En 2018 os datos económicos da entidade pecharon con 92.119,11€ en positivo, un dato que dende a propia Organización viron insuficiente ao crer que o valor do labor que desenvolve vai máis alá do que reflicte este resultado económico. Este foi o punto de partida para analizar o impacto social de COGAMI na sociedade galega, segundo explicou a responsable da área de Calidade en COGAMI, Rosana González. A través de entrevistas persoais realizadas a 142 persoas integrantes dos grupos de interese de COGAMI, conseguiuase medir a contribución da organización ao sector socioeconómico do territorio. “Neste estudo dise a quen xeramos valor, onde o xeramos e como, e incluso podemos compararnos con outras organizacións”, explicaba Rosana González. Dende COGAMI expuxeron como exemplo de valor a quilometraxe que realiza o servizo de transporte adaptado que ofrece a organización para desprazar ás persoas ata os centros de recursos que ten.

Anualmente os vehículos que ten COGAMI percorren 314.000 km. “Se nos cinguimos a unha análise económica-financieira, este servizo é un elevado custo para a Organización”, apunta Rosana, “pero o transporte adaptado é fundamental para a persoa, polo tanto, o papel de COGAMI é garantir o acceso a este servizo porque aporta un valor”. Expertos como o profesor da Universidade de Deusto, José Luis Retolaza, quen foi o encargado de abrir o congreso explicando a metodoloxía utilizada para medir o valor social, ademais de investigadores e docentes das universidades de Santiago de Compostela, Vigo, País Vasco, La Laguna e tamén do centro universitario IESIDE, representantes de gobernos autonómicos como o de Navarra e País Vasco; e tamén representantes do tecido empresarial como Vegalsa, Calvo e Caixabank continuaron durante dous días falando de valor social e sostibilidade ante un aforo formado por cen persoas representantes de entidades e empresas de economía social e do tecido empresarial galego.

Participantes no congreso



Anxo Queiruga
Presidente de
COGAMI



Covadonga Toca
Secret. Xeral
Emprego da
Xunta



José I. Larretxi
Presidente
GEAccounting



José L. Retolaza
Profesor
Universidade de
Deusto



Rosana González
Responsable
área Calidade de
COGAMI



Patxi Vera
Director-Xerente
de UCAN



Beatriz Guzmán
Investigadora
e membro de
CESCO



Adolfo González
Responsable
de proxectos de
FEGADACE



Ramón Bernal
Dir. Financeiro
Lantegi Batuak



Miguel Navaridas
Dir. Financeiro
Katea Legala



Alfonso Etzanobe
Socio LKS



Ramón Roig
Dir. Xeral
Grupo CLADE



Luis Campos
Dir. Xeral
Observatorio
Realidade Social
Goberno Navarra



Jokin Díaz
Dir. Economía
Social Goberno
Vasco



Mariví Sánchez
Dir. de RSC e
Comunicación
Grupo Calvo



Gabriela González
Dir. RSE,
Comunicación
VEGALSA



Anxo Pérez
Responsable
Comunicación e
RSC CAIXABANK



Javier Mendoza
Profesor
Universidade
La Laguna



Carlota Sánchez
Coordinadora
Institucional de
IESIDE



Xavier Martínez
Profesor
Universidade Vigo



Ramón Roig
Dir. Xeral
Grupo CLADE



Dende Combina Social tamén realizan xornadas de sensibilización en centros escolares



Actividade grupal nun dos cursos impartidos

Combina Social remata o ano con importantes proxectos realizados en accesibilidade

Remata o ano e Combina Social fai memoria dos proxectos de mellora da accesibilidade levados a cabo, como o realizado no campus Sur da Universidade de Santiago de Compostela. Na provincia de Pontevedra analizáronse as intervencións desenvolvidas por Turismo Rías Baixas na mellora das contornas e principais servizos deste organismo e, ademais, impartiu un curso de formación sobre accesibilidade universal

dirixido a persoal do servizo da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia. Combina Social tamén participou no proxecto “Turismo Inclusivo na Ribeira Sacra” cunha ponencia sobre barreiras nas actividades de lecer e participou en xornadas organizadas pola Deputación de A Coruña, coordinando unha mesa sobre a importancia da elaboración de Plans de Mellora.

Máis de 300 persoas traballadoras de COGAMI formáronse a través da Organización

Co fin de mellorar a preparación e as competencias do persoal laboral de COGAMI, durante este ano 2019 a área de Recursos Humanos da Organización desenvolveu un total de 97 cursos de formación interna, destinados tanto ás áreas de COGAMI Social como aos centros especiais de emprego de COGAMI Empresarial. A finalidade destas formacións está relacionada coa actualización e a posta ao día dos coñecementos que teñen os profesionais e poder así seguir prestando servizos de calidade.

De todos estes cursos impartidos, 27 foron destinados a persoal de COGAMI Social, nos que participaron un total de 227 persoas, sendo destas 201 mulleres e 26 homes. O resto dos cursos impartidos, un total de 70, foron destinados ás 11 iniciativas empresariais de economía social, nos que participaron un total de 61 mulleres e 70 homes.

A temática destas formacións foi moi variada, estando esta marcada polas necesidades das propias áreas ou departamentos de traballo. Así, impartíronse cursos sobre contabilidade, logopedia, coaching, liderazgo, contratos laborais, itinerarios de vida independente, dirección de centros especiais de emprego, entrevistas, habilidades de comunicación, manipulación de alimentos, desenvolvemento comercial, renovación CAP, manexo de carretas elevadoras, manipulación de vehículos eléctricos, coidados da saúde, reciclaxe de plásticos, manexo de guindastre, lingua de signos, Excel avanzado e Facebook. En total, foron 2.949 horas que COGAMI destinou durante este ano á formación interna do seu persoal laboral.



Traballadoras que forman parte do equipo de Accede Social

Accede Social aposta pola igualdade de xénero dentro da empresa

Co fin de garantir a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes no día a día, Accede Social iniciou a posta en marcha dun plan de igualdade. Mediante este plan, este centro especial de emprego que se dedica á actividade do transporte adaptado, pretende conseguir a integración da igualdade, e ao mesmo tempo, contribuír co seu grao de area na toma de conciencia da sociedade en xeral.

Entre os obxectivos propostos

no I Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes de Accede Social están a mellora da presenza feminina nos postos de conducción, a incorporación de medidas de mellora da conciliación da vida persoal coa laboral, a sensibilización sobre a igualdade de xénero entre o persoal laboral e tamén desenvolver mecanismos que garantan unha comunicación non sexista, entre outros.



Traballador de Dixardín sinaliza unha zona verde



Instalacións de Activa Social en Santiago

Dixardín cuida as zonas verdes do concello de Carballo

O centro especial de emprego Dixardín é a iniciativa empresarial que se encarga de coidar e tratar os espazos verdes do concello de Carballo. Aínda que durante esta estación outonal tan chuviosa resulta máis complexo manter en bo estado os parques e xardíns, dende esta iniciativa empresarial non se descansa en todo o ano, como se pode apreciar no parque Rego da Balsa. Neste, Dixardín encargouse de levar a cabo tanto a poda como a plantación de flores e

árbores autóctonas. O coidado das rotondas e o mantemento do resto das zonas axardinadas que ten o Concello, son outros dos traballos realizados. Para levar a cabo este mantemento, Dixardín conta na zona cun equipo formado por seis persoas traballadoras, un encargado, un técnico e un xerente. Durante catro anos, este equipo terá a responsabilidade de coidar as zonas verdes do concello de Carballo.



Intervención de Raquel Alvite, actual xerente de Combina Social, durante a xornada

Galega de Economía Social presente nunha xornada de novas economías

Galega de Economía Social foi unha das iniciativas de economía social que tivo presenza na Xornada sobre Novas Economías que Unión de Cooperativas EspazoCoop desenvolveu en Vigo.

Nesta xornada estiveron presentes propostas empresariais relacionadas coa economía do ben común, positiva, cooperativas, iniciativas de economía circular, economía colaborativa, social, comunitaria, feminista e funcional. Ademais de Galega de Economía Social, grupo matriz de empresas de

economía social que forma parte de COGAMI Empresarial, tamén estiveron presentes máis de dez organizacións que se encargaron de poñer luz sobre as novas economías: Cooperativa Medatlántia, Reas Galicia, Coop57 Galicia, Arçs cooperativa, Cooperativa Árbore Consumo Consciente, empresa de inserción Como Integral Érguete, a plataforma colaborativa Ben Mercado, a cooperativa Mulleres Colleiteiras, a Fundación Érguete, a Sudirección Xeral de Economía Social e a Unión de Cooperativas EspazoCoop.

Activa Social ETT estrea páxina web que facilita a busca de emprego

A empresa de traballo temporal especializada en persoas con discapacidade, Activa Social ETT está de estrea. Co fin de facer máis accesibles os servizos que presta ás persoas que andan na procura dun emprego, esta iniciativa decidiu habilitar unha web que permite que sexa a propia persoa a que se rexistre a través da páxina.

Mediante un espazo que hai habilitado, é a propia persoa a que se vai poder rexistrar e enviar os datos do seu curriculum que desembocarán nunha base de datos que manexa Activa Social. En canto existan ofertas laborais relacionadas coa formación e capacitación da persoa, é a propia iniciativa Activa Social, a que contactará a través de correo electrónico con aqueles perfís laborais que se adecúan ás ofertas de emprego lanzadas polas empresas. Será a persoa quen decida se lle interesa ou non presentar a súa candidatura a un proceso de selección de persoal.

Outra das novidades é que a nova web de Activa Social permite que a persoa que está inscrita na base de datos poida acceder ao seu curriculum para actualizalo dende calquera dispositivo electrónico, porque só terá que acceder a través dunha clave personalizada.

A nova páxina web seguirá publicando periodicamente as ofertas de emprego como xa estaba a realizar na anterior, tendo como novidade a difusión a través de correo electrónico destas ofertas a aquelas persoas que previamente se inscribiron como demandantes de emprego.

Activa Social nace en 2013 para ofrecer solucións de contratación temporal ás empresas de Galicia que buscan integrar persoas con discapacidade aos seus cadros de persoal.

María Aneiros e Cristina Taboada

Coordinadora e Traballadora Social do centro de recursos de Ferrol

As instalacións de COGAMI en Ferrol arrancan 2020 como centro de recursos de atención diúrna

É durante o ano 2002 cando COGAMI abre en Ferrol un punto de atención que presta servizos especializados dirixidos a persoas con discapacidade da comarca. A orientación e intermediación laboral, información e asesoramento, sensibilización, formación, obradoiros de educación de adultos e a participación en actividades programadas dentro da comunidade son algúns dos servizos que COGAMI presta na cidade.

Dende hai dous anos, parte destes servizos empezan a enfocarse dentro do servizo de atención diúrna terapéutica de persoas con discapacidade física e/ou orgánica, co que inician os preparativos para que Ferrol se converta nun centro de recursos como xa o son os de Medelo, Monteporreiro, Mos e Fingoi.



que persoas usuarias van poder acceder?

María. Aquelas persoas que comprendan idades entre os 18 e 60 anos, que teñan o certificado oficial de discapacidade e/ou a valoración de dependencia segundo os baremos establecidos polo órgano competente da Xunta de Galicia.

COGAMI. Como é o proceso de formar parte dun centro de recursos, que requisitos son necesarios?

Cristina. Cando unha persoa chega a COGAMI, escoitámola para saber que lle pode interesar de nós, en que momento está da súa vida, cales son as súas necesidades e cales son os seus propósitos. Cando as persoas nos falan de demanda de actividades de recuperación cognitivo-funcional, autonomía persoal, lecer, etc... pasamos a explicarlles o noso proxecto de centro e tamén a valorar se pode interesarlle.

COGAMI. Por que é necesario este tipo de centros en Ferrol?

María. A distribución xeográfica de Ferrolterra é ampla e non existen dispositivos especializados en discapacidade física destas características.

Dende COGAMI, ao mesmo tempo que estamos ofrecendo un servizo ás persoas usuarias

COGAMI. Que significa que as instalacións de Ferrol se convertan nun centro de recursos?

María. A creación dun centro de recursos permítenos darlle cobertura a máis persoas con discapacidade que, polas súas demandas, precisan maiores apoios e servizos especializados que permitan promover a súa autonomía persoal e interacción coa contorna.

Polo tanto, estamos a falar de novos servizos de promoción da autonomía persoal como a rehabilitación, a participación social e a formación

especializada para as persoas usuarias, sen esquecermos do apoio que ofrecemos ás súas familias.

En definitiva, daremos resposta ás demandas de cada persoa a través da creación de itinerarios personalizados.

COGAMI. Cantas prazas hai habilitadas?

María. O centro está habilitado para acoller a 20 persoas, e actualmente están participando 9 persoas en diferentes actividades.

COGAMI. A que perfís está encamiñado o centro de recursos,

nosas, indirectamente, tamén lles prestamos apoios ás súas familias, polo que, consideramos esencial e necesario dar respostas ás demandas do noso colectivo.

COGAMI. A cantos concellos lle ides dar servizo, cal sería o ámbito de actuación?

María. Actualmente, estamos prestando servizo a persoas dos concellos de Ferrol, Narón, Fene e Valdoviño. O feito de que o centro estea situado en Ferrol, fai que sexan as persoas dos concellos máis próximos as que probablemente fagan maior uso dos servizos. Pero nós non descartamos zonas, senón que analizamos cada caso individualmente.

"Agora podemos chegar a máis persoas con discapacidade que precisan maiores apoios e servizos especializados"

COGAMI. Uns dos problemas que atopamos é a dispersión xeográfica e a falta de transporte público que sexa accesible e que teña horarios

adaptados ás necesidades das persoas. Conta Ferrol con transporte no centro para salvar esta carencia?

María. Dende o mes de novembro, contamos cun servizo de transporte adaptado que empregamos de luns a venres, os días que permanecen abertas as nosas instalacións.

COGAMI. Como se está levando a cabo o proceso de difusión na comarca para informar do centro, estades informando aos servizos locais, entidades, etc.?

Cristina. Dende o ano 2018, comezamos a difusión do centro mantendo reunións cos diferentes organismos públicos da zona, tamén co equipo de valoración de discapacidade e dependencia da Xunta de Galicia en Ferrol, con todos os servizos sociocomunitarios dos concellos da zona de Ferrolterra e tamén, realizamos reunións coas traballadoras sociais da área Sanitaria. Entre os anos 2018 e 2019, mantivemos un total de 13 encontros con todos estes axentes sociais que acabamos de indicar. O traballo e colaboración en rede é un pilar fundamental para poder realizar intervencións e continuar mantendo coordinacións cos diferentes organismos para derivacións de casos.

Dentro do traballo de difusión tamén está a información e valoración realizada a persoas potenciais para ser candidatas ao servizo. Dende o 2018 realizáronse 141 valoracións.

"Ao mesmo tempo que ofrecemos un servizo a persoas usuarias, indirectamente tamén lles prestamos apoio ás súas familias"

COGAMI. Podemos dicir entón que 2020 é o ano de cambio no centro de Ferrol?

María. Podemos avanzar que será un ano de cambios. Estamos traballando niso para poder dar cobertura ás demandas das persoas con discapacidade que se atopan na súa casa e teñen escasa actividade ou interacción coa contorna. A misión e obxectivos de COGAMI é a plena inclusión das persoas con discapacidade. Co noso gran de area tratamos de visibilizar unha realidade que se dá coas persoas que teñen máis complicado o acceso ao mercado laboral ou á formación pero que teñen capacidades para realizar outro tipo de accións e acudir ao centro de recursos potenciando as súas capacidades.





O transporte adaptado é un dos servizos que presta DISCAFIS-COGAMI

Entidades socias de DISCAFIS-COGAMI levan trinta anos ofrecendo servizos especializados dirixidos a persoas con discapacidade

As instalacións do CIS Aixiña acollen diferentes servizos dirixidos a persoas con discapacidade de Ourense e que desenvolven varias entidades membro de DISCAFIS-COGAMI, a federación provincial que a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade ten na provincia.

Nestas instalacións comparten espazo os servizos de formación, emprego e traballo social de COGAMI, a federación provincial e as entidades membro AODEM, ACCU, AFFOU e ALCER Ourense. Aquí tamén está a entidade Renacer de dano cerebral adquirido, aínda que non é membro de COGAMI.

Dende o ano 1989 a DISCAFIS-COGAMI ofrece cobertura e asistencia

a persoas con discapacidade coa prestación de servizos dirixidos por profesionais altamente cualificados, de xeito que incluso é a propia Administración quen deriva á Federación Provincial a persoas procedentes da área de Dependencia. Outros servizos que ofrece son Traballo Social, Educación Social, Logopedia e o Préstamo de Guindastres, todos eles dirixidos a persoas con discapacidade que se achegan ao CIS Aixiña e comunican esta necesidade. Para facer uso destes servizos a nivel particular, basta con estar asociado a calquera das entidades membro ou tamén ser asociada da entidade Renacer, que é socia colaboradora.

Outros servizos, o de Transporte Adaptado e Administración Contable, están dirixidos a apoiar a estrutura das entidades. COGAMI tamén ocupa un espazo dentro destas instalacións, onde ofrece un servizo de Orientación e Intermediación Laboral especializado en persoas con discapacidade, ademais de ofrecer cursos de formación a persoas desempregadas.

A Fisioterapia e Psicoloxía son outros dos servizos que prestan as entidades Aixiña e AODEM, co fin de que as persoas con discapacidade e Esclerose Múltiple, ELA, Párkinson e outras enfermidades Neurodexenerativas, poidan mellorar a súa calidade de vida. Ademais, ceden estes profesionais para que persoas socias doutras entidades da Federación poidan acudir a eses servizos.



Instalacións do balneario de Cuntis

A Federación COGAMI Coruña remata o programa de termalismo con éxito de participación

Un ano máis, e xa van doce, o programa de termalismo que organiza a Federación COGAMI Coruña volveu colgar o cartel de non quedan prazas. Este programa de rehabilitación e mantemento das capacidades funcionais das persoas con discapacidade en balnearios, está dirixido a persoas con discapacidade da provincia de A Coruña. Financiado pola Deputación de A Coruña a través da convocatoria do programa de subvencións a entidades

sen fins de lucro para o mantemento de servizos sociais no ano 2019 (FOAXE 2019), contou cun total de 19 participantes procedentes dos concellos de Vimianzo, Santiago, Zas, Cabana de Bergantiños, Rois, A Coruña, Val do Dubra, O Pino, Ribeira e Noia.

As persoas usuarias deste programa estiveron durante unha fin de semana no balneario termas de Cuntis recibindo tratamentos de augas termais, co fin de mellorar a súa

saúde a través de técnicas hidroterápicas, exame médico e masaxe parcial, ademais de asistencia a piscinas termais con chorros de hidromasaxe.

A Federación COGAMI Coruña iniciou este programa en 2006 co obxecto de facilitar a rehabilitación e mantemento das capacidades de persoas con discapacidade, para mellorar e manter as capacidades físicas das persoas usuarias e promover a independencia física, social e emocional dos participantes. Máis de 200 persoas se beneficiaron deste programa ata o de agora.

COGAMI e as súas entidades membro presentan DisOrganic, a imaxe que visibiliza a discapacidade orgánica



Acto no hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo

Co fin de acabar coa invisibilidade da discapacidade orgánica, o movemento asociativo de COGAMI presentou o símbolo internacional da discapacidade orgánica nos sete hospitais de referencia en Galicia: CHUS, CHUAC, Arquitecto Macide, HULO, CHOU, Montecelo e Álvaro Cunqueiro, onde estiveron acompañados por representantes das xerencias destes centros hospitalarios. Denominado DisOrganic, este símbolo que se presentou simultaneamente en 41 cidades españolas a través de COCEMFE e as súas entidades membro como o é COGAMI, nace para acabar coa invisibilidade deste tipo de discapacidade. Dende COGAMI e o seu movemento asociativo, sobre todo as entidades que forman parte da súa Comisión Sociosanitaria, remarcan a importancia de participar nesta campaña para difundir as problemáticas que viven persoas con discapacidade orgánica

como son a falta de recoñecemento, invisibilidade e incompreensión como consecuencia das alteracións que se orixinan no interior do corpo humano e que pasan desapercibidas pola maioría da poboación.

A discapacidade orgánica prodúcese por alteracións que se orixinan no interior do corpo humano. Algúns sistemas corporais presentan unha perda de funcionalidade relacionada cos órganos internos ou con procesos fisiolóxicos. Estes órganos poden ser os riles, fígado, o corazón, os pulmóns, pero tamén falamos da coagulación do sangue, o aparato dixestivo, o sistema linfático, o aparato locomotor, o sistema inmune ou o sistema nervioso central. As persoas con discapacidade orgánica son moi diferentes entre si, e as persoas que as teñen atopan problemáticas moi diversas. Algunhas delas son limitacións na vida diaria, a necesidade

de seguir tratamentos e atención sanitaria continuada, elevados graos de dolor, ser máis vulnerable a infeccións e poden derivar en discapacidade física.

Nesta campaña de presentación de DisOrganic, dende o movemento asociativo de COGAMI aproveitan para reclamar que os servizos de valoración da discapacidade en moitos casos non recoñecen oficialmente a discapacidade orgánica, por non dispoñer dun baremo de valoración equitativo, xusto e que cumpra cos criterios da Clasificación Internacional do Funcionamento, da Discapacidade e da Saúde (CIF).

Nesta campaña, na que se repartiu información a todas as persoas que se achegaban ata o punto informativo, tamén se compartiu nas redes sociais co hashtag #DisOrganic para darlle a maior visibilidade posible.



Complejo Hospitalario Universitario de A Coruña



Hospital Arquitecto Macide de Ferrol



Hospital Clínico Universitario de Santiago



Hospital Universitario Lucus Augusti de Lugo



Complejo Hospitalario Universitario de Ourense



Hospital Montecelo de Pontevedra

O centro de recursos de Medelo percorreu un tramo do Camiño Portugués



O grupo foi recibido con aplausos tras chegar á Praza do Obradoiro

Despois de catro días de andaina e de percorrer preto de 45km, chegaron á Praza do Obradoiro o grupo de 19 persoas usuarias e traballadoras do centro de recursos que COGAMI ten en Medelo. Rematan aquí unha experiencia sen imprevistos: o tempo acompañounos, a ruta fíxose doada, non houbo bochas nos pés e, tras rematar as etapas, facían con folgos para reforzar vínculos de amizade entre compañeiras e compañeiros con saídas de visita polas vilas que pasaban. Á súa chegada ao Obradoiro, o grupo foi recibido entre aplausos e parabéns pola Comisaría do Xacobeo 2021, Cecilia Pereira Marimón, a quen acompañaron

membros da xunta directiva de COGAMI e persoas usuarias do centro de Medelo que non participaron na peregrinación polo Camiño Portugués. Para o recibimento, a Praza do Obradoiro contou cun corredor deseñado con paraugas abertos e colocados nos laterais.

Rodando no camiño

Esta actividade forma parte dun proxecto presentado á Consellería de Cultura e Turismo no marco de dinamización do Xacobeo 2021, dentro do programa O teu Xacobeo da Xunta de Galicia. Baixo o lema 'Rodando no Camiño', esta experiencia foi gravada en vídeo para posteriormente editar un documental no

que os principais protagonistas desta aventura, as persoas usuarias do centro de recursos de Medelo, contan a súa vivencia en primeira persoa.

Á chegada ao Obradoiro, todas as persoas participantes coincidiron en expresar que tiveron un bo Camiño, que era bastante cómodo para camiñar, incluso indo en cadeira de rodas, e que o tempo os acompañou sen chuvias nin temperaturas frías, chegando incluso a ter que botar man da crema de protección solar.

Durante as etapas, todas realizadas segundo o horario programado nun principio, facían paradas para visitar igrexas, monumentos ou museos dos concellos polos que pasaron e para escoitar datos explicativos da súa historia.

Dende o centro de Medelo queren agradecer ao servizo de Protección Civil dos concellos polos que pasaron: Caldas, Valga, Pontecesures, Padrón, Teo, Ames e Santiago pola súa atención e colaboración e tamén á Fundación Rosalía polo trato recibido.

O grupo saíu dende Caldas de Reis o martes, 1 de outubro, con dirección a San Miguel de Valga, co que tiveron que superar 13,5km, sendo esta a etapa máis longa. A seguinte etapa foi de 12,4 km en dirección a Padrón, para continuar o día seguinte dende a Escravitude con dirección a Milladoiro, un percorrido de 11,3 km que rematou no Obradoiro tras superar os 7,6 km que lle restaban do punto de saída de Milladoiro.

Unha experiencia inesquecible

Trala chegada ao Obradoiro esqueceron o cansazo que podían traer tralos catro días de andaina. A felicidade foi tal que houbo que a expresou con sorrisos, con abrazos coas compañeiras e compañeiros e tamén houbo quen chorou pola ledicia da vivencia.

www.cogami.gal



Visite nuestras oficinas en:

A Coruña

Rey Abdullah nº 9
Tel.: 981 140 250
E-mail: eop.galicia@eoprim.es

Santiago de Compostela

Fernando III El Santo 31-33
Tel.: 981 591 192
E-mail: eop.santiago@eoprim.es

Ourense

Cruceiro Quebrado 10
Tel.: 988 391 285
E-mail: eop.ourense@eoprim.es

Vigo

Zamora 94
Tel.: 986 413 333
E-mail: eop.vigo@eoprim.es



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL